

DOCUMENTO DE PRINCIPIOS SOBRE OS PROXECTOS DE SOM ENERGIA

Este documento establece uns criterios básicos sobre os proxectos de xeración eléctrica e aproveitamento térmico que Som Energia quere impulsar. Tamén serve para informar ás persoas socias sobre os principios que rexerán a selección dos proxectos da cooperativa e debe ser un punto de partida dun debate aberto e vivo así como un proceso de aprendizaxe que debe ir madurando e adaptándose aos cambios do sector así como dos avances tecnolóxicos .

Despois de máis de tres anos do inicio da cooperativa e da experiencia adquirida en canto aos proxectos existentes e sobre todo polos cambios acaecidos no marco regulatorio do sector, cremos necesario actualizar estes criterios para poder seguir co noso obxectivo de producir o 100 % da enerxía eléctrica que consumen as socias e mudar o modelo enerxético e as regras que o rexen.

Estes últimos anos, as enerxías renovables sufriron moitos recortes e puxéronse moitas barreiras que acaban dificultando a súa implantación, é por isto que a partires de agora necesitamos atopar o equilibrio axeitado en cada proxecto entre criterios ambientais, sociais e económicos para poder continuar xerando a nosa enerxía. Iso non quere dicir que se descarten proxectos con baixo interese económico xa que, nalgúns casos, o seu compoñente social pode ser moito máis importante.

Criterios xerais

A discusión sobre o impacto ambiental e social dos proxectos de enerxías renovables é moi complexa xa que resulta moi difícil avaliar toda as variables que están en xogo así como o custe ambiental, social e económico de non facer os proxectos. É dicir, saber cal é o impacto a nivel global que pode ter descartar unha instalación de enerxía renovable é moi difícil de determinar. Pero este pode ser un dos grandes valores diferenciadores da nosa proposta e debe marcar o noso proceso de debate e aprendizaxe.

É por isto que cremos necesario establecer unha guía suficientemente flexible para que cada proxecto poida ser avaliado caso a caso polo equipo técnico, o Consello Reitor e sobre todo, o Grupo Local. Este último debe poder transmitir as inquiredanzas da totalidade das socias así como non socias da zona onde se realizaría o proxecto .

De entrada hai uns criterios xenéricos que se terían en conta :

- Proximidade aos centros de consumo. Creemos nun modelo de produción distribuído. Esta é unha variable fundamental na nosa proposta de xeración.
- Facilitade de conexión á rede eléctrica. Os proxectos deben ser económica e tecnicamente viables.
- Os custos de mantemento deben ser razoables, moitas veces isto tamén pode condicionar a localización da instalación.
- Valorarase a eficiencia enerxética e económica dos proxectos. Debemos

priorizar aqueles proxectos onde por menos diñeiro podemos obter máis enerxía renovable, sempre e cando se cumpran os criterios.

- Nos proxectos de renovables en edificios de vivendas, de servizos ou centros de produción terase en conta a actividade que se leva a cabo e que non sexa contraditoria cos valores de Som Enerxia.
- Som Enerxia non traballará con empresas que formen parte de UNESA como tampouco coas que teñan relación coa xestión de plantas nucleares.
- De entrada, non hai límite de potencia para as instalacións pois isto pode depender da proximidade o centro urbano de consumo.
- En canto aos proxectos sobre terreo, priorízase a realización sobre chan non produtivo aínda que non se descarta a avaliación en casos concretos onde se cumpran outros criterios xa que o consenso sobre produtividade tamén é moi complexo. Nestes casos, terase que pedir opinión e a implicación, proxecto por proxecto, o grupo local pertinente para definir pros e contras.
- Nos proxectos de aproveitamento térmico (biomasa, solar térmica e xeotermia) darase prioridade á implementación previa de medidas de eficiencia e aforro enerxético.
- Considerarase no desenvolvemento tanto teórico como práctico a posibilidade de realizar traballos cooperativos por parte dos socios da cooperativa. Incluso nun futuro, poder ter en conta estes traballos como parte da achega a proxectos, de xeito similar a unha inversión.
- Para a valoración dos criterios ambientais, poderán considerarse medidas como “Taxa de retorno enerxético”, “pegada de carbono”, “Análise do Ciclo de Vida”. Estes poderían ser criterios limitantes tras posteriores debates, aprendizaxe e traballos en grupos locais, comisións de traballo e sempre tras ser aprobados por Asemblea.

Criterios específicos para algunhas das tecnoloxías

Proxectos fotovoltaicos

Os proxectos novos a impulsar serán de preferencia en cubertas de edificios, pérgolas en aparcadoiros existentes e , nalgúns casos concretos, fachadas, sempre e cando a relación entre o investimento a realizar e a produción de enerxía sexa razoable mantendo unha boa orientación, inclinación e insolación .

Proxectos eólicos

Nos proxectos novos en zonas con parques eólicos existentes, procurarase que a densidade enerxética da zona quede a un nivel razoable .

Debido á sensibilidade social que poden despertar os proxectos eólicos, deberase deseñar un plan de participación, comunicación, información e sensibilización á poboación da zona.

Proxectos de biomasa

A biomasa proverá dos restos da xestión forestal e de residuos da industria da madeira, agrícola e alimentaria . Esta será aproveitada só por uso térmico e, cando se trate de residuo forestal, deberá vir de bosques locais e que dispoñan dun Plan de Xestión Sostible. E no resto de casos, definirase para cada un o límite de distancia da orixe do combustible que o faga insostible.

Proxectos de biogás

Dende o punto de vista da Soberanía Alimentaria e agroecoloxía, elemento que non debemos perder de vista, son preferibles as granxas extensivas, non masificadas e de produción ecolóxica.

Os residuos para a xeración de biogás serán de orixe gandeiro, agrícola, de depuradora e da industria alimentaria. Descártase a utilización de cultivos enerxéticos.

A planta de biogás situarase preto da explotación gandeira e esta debe cumprir coa normativa sobre benestar animal.

Debese avaliar a posibilidade de verter o biogás á rede de gas natural.

Deberá terse moi en conta tamén a xestión dos residuos obtidos tras a biometanización; a materia orgánica contida neles debe ser devolta á natureza, mais tras o seu tratamento axeitado, como procesos naturais aerobios, sen impacto ambiental.

Proxectos de minihidráulica

Todo novo proxecto de xeración eléctrica a partires da forza da auga será de curso fluínte (desviación do caudal necesario do curso principal do río sen cortar o seu curso principal).

Para o resto de tecnoloxías renovables, non consideramos criterios específicos.

Criterios aprobados en la Asamblea General de 14 de junio de 2014